

PEZA DO MES

maio

2017



CAMPAÍÑA (TINTINABULUM)
CASTRO DA MURADELLA (MOURAZOS, VERÍN)



CAMPAÑAS (MUSEU ARQUEOLÒGIC NACIONAL DE TARRAGONA)

Campaña (tintinabulum). Castro da Muradella (Mourazos, Verín)

Contexto arqueolóxico. No mes de marzo de 1964 produciuse no castro da Muradella –próximo ao pobo de Mourazos (Verín)–, un achado sen precedentes na arqueoloxía ourensá: un grupo escultórico en mármore de época romana representando a Dionisio e Ampelos. Naquel momento Jesús Taboada Chivite tiña o cargo de delegado do Servizo Nacional de Escavacións Arqueolóxicas e, en consecuencia, realizou as xestións oportunas para proceder ao seu rápido ingreso no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense que aconteceu o 4 de abril dese mesmo ano.

A importancia do achado e a necesidade de constatar a intensa romanización do castro levaron a J. Taboada a solicitar, á Dirección Xeral de Belas Artes, Sección de Museos, Exposicións e Concursos (Ministerio de Educación e Ciencia), o permiso necesario para levar a cabo unha campaña de escavación arqueolóxica. O interese dunha intervención neste castro resultaba especial para J. Taboada Chivite, pois tivo coñecemento do xacemento con posterioridade á publicación da súa carta arqueolóxica de Verín, que se dera a coñecer no *III Congreso Nacional de Arqueología* (Galicia, 1953). Concedida a autorización pertinente, os traballos desenvolvéronse no período comprendido entre o 26 de setembro e o 10 de outubro de 1966. Estes foron dirixidos por Jesús Taboada Chivite, quen contou coa colaboración de Jesús e Manuel

Taboada Cid, Santiago Chillón Casal e Maximino Gómez Valverde.

Materiais recuperados. Durante a intervención arqueolóxica saíron á luz os restos dun pavimento hidráulico, tellas curvas (*imbrices*) e planas (*tegulae*), ladrillos (*lateres*), etc., é dicir, a característica cerámica de construción romana. Estes materiais levaron ao director da intervención a interpretar o espazo escavado como «*una villa rústica que subsiguió a la romanización del castro hasta época tardía*». Segundo a opinión posterior dos investigadores, a presenza de ladrillos de entalle, característicos de estancias calefactadas mediante o sistema de hipocausto, confirmarían a hipótese de Taboada Chivite sobre a funcionalidade da área escavada coma unha *villa*.

Ademais do material edilicio citado recuperáronse obxectos de pedra (muíños, afiadoiras, fragmentos de columnas e, incluso, os restos correspondentes aos pés e á parte inferior das pernas dun novo grupo escultórico de mármore), de vidro e de diferentes metais (ferro, bronce e chumbo), sen esquecer unha gran cantidade de cerámica moi fragmentada.

Descrición: Entre os obxectos metálicos recuperados na campaña de escavación citada figura unha campaña (*tintinabulum*) fabricada en



AMULETO FÁLICO CON CAMPAÑAS PROCEDENTE DE POMPEIA
(MUSEO ARQUEOLOGICO NAZIONALE , NAPOLI)

chapa de bronce mediante a técnica de fundición. A peza ten paredes de perfil lixeiramente curvo e, na parte superior, posúe unha argola con perforación circular e uns pequenos orificios destinados a inserir o eixo do que penduraría o badalo de ferro, este último apenas conservado. Ten unha altura de 5 cm e unha anchura máxima de 3,4 cm, sendo o seu peso de 40,20 gramos.

Seguindo a tipoloxía de V. Galliazzo, esta campaiña incluíriase no grupo 2B («*campanello da mobile*»). Nesta categoría figuran exemplares con forma tronco-piramidal e unha base cadrada ou rectangular, unha argola de perfil circular na parte superior e, nos ángulos, catro puntos de apoio con forma de botóns ou pedúnculos que tiñan a función de eliminar ou diminuír o obstáculo que supuña o badalo ao pousar a campaiña sobre calquera tipo de superficie.

Paralelos. Este modelo de *tintinabulum* gozou dunha ampla expansión por todo o territorio imperial romano. Así obxectos similares téñense recuperado tanto na propia Península Ibérica –por exemplo os achados procedentes de Riotinto (Museo Provincial de Huelva) ou da cidade navarra de Andelos– como fóra do seu territorio. Neste último caso resulta

apropiado citar as pezas italianas do *Museo Civico di Treviso e de Veleia*.

Función: En época romana as campaiñas tiñan funcións diversas e complementarias. Podíanse empregar como amuleto (*amuletum*) máxico-apotropaico co fin de evitar o mal de ollo, como peza decorativa dos arneses das cabalarías, como complemento dos enxovais funerarios ou como simple adorno persoal cosido na vestimenta, sen esquecer outros posibles usos no ámbito doméstico e relixioso.

Cronoloxía. O contexto arqueolóxico da peza non proporcionou unha información o bastante segura para establecer unha cronoloxía fixa; o propio J. Taboada Chivite como xa tiñamos indicado, define esta estación arqueolóxica coma unha *villa* «*tardía*». A tipoloxía da campaiña non resulta relevante dado que é un modelo moi corrente entre os séculos I e IV d. C. Se se acepta a datación, no século II ou III d. C., proposta para o grupo escultórico que representa a Dionisios e Ampelos, a falla de futuras intervencións neste xacemento, de xeito provisional poderíase outorgar a mesma data á campaiña de bronce.

Lugar de conservación. A peza pertence aos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, onde figura rexistrada co número de inventario CE005189/1.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Tomás Vega Avelaira

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

galicia

XUNTA DE GALICIA